

Programación didáctica
Departamento de Lingua castelá e literatura
Curso 2022-2023

IES Urbano Lugrís
(Código de centro: 15008301)



ÍNDICE

1	Introdución e contextualización	5
1.1	Marco normativo básico	6
1.2	Distribución de grupos e niveis	7
1.3.	Outras materias afíns ao departamento	8
2	Obxectivos	8
2.1	Obxectivos curriculares da materia en ESO	9
2.1.1	Segundo de ESO (LCL): concreción de obxectivos curriculares	10
2.1.2	Cuarto de ESO (LCL): concreción de obxectivos curriculares	11
3	Metodoloxía	12
3.1.	Ensino presencial	12
3.2.	Ensino non presencial	14
4	Elementos transversais.....	15
5	Programación de Lingua e literatura castelá de 2º de ESO	17
5.1	Perfil competencial. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	17
5.2	Unidades didácticas: temporalización.....	18
5.2.1	Temporalización dos estándares e vinculación ás unidades didácticas.....	23
5.3	Distribución do currículo en unidades didácticas	28
5.4	Concrecións metodolóxicas	41
5.5	Materiais e recursos didácticos	43
5.6	Medidas de atención á diversidade	44
5.7	Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso	45
5.8	Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado	50
5.8.1	Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe.....	55

6 Programación de Lingua e literatura castelá de 4º de ESO	68
6.1 Perfil competencial. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	68
6.2 Unidades didácticas: temporalización.....	71
6.2.1 Temporalización dos estándares e vinculación ás unidades didácticas.....	76
6.3 Distribución do currículo en unidades didácticas	91
6.4 Concrecións metodolóxicas	113
6.5 Materiais e recursos didácticos	116
6.6 Medidas de atención á diversidade	117
6.7 Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso	118
6.8 Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado	131
6.8.1 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe.....	135
7 Síntese de instrumentos de avaliación.....	164
8 Avaliación inicial: medidas.....	165
9 Materias pendentes	167
10 Plan de atención ao alumnado repetidor	168
11 Contribución ao plan lector.....	169
12 Educación en valores.....	171
12.1 Contribución ao plan de convivencia	171
12.2 Educación en valores	172
13 Actividades complementarias e extraescolares programadas	172
14 Acordos de pautas recollidos no ámbito do programa TIL.....	173
14.1 Uso adecuado das ferramentas dixitais:	173
14.2 Pautas para elaborar unha definición	173
14.3 Pautas para a presentación de probas escritas e exames.....	174
14.4 Pautas para cita de textos e bibliografía	175

14.5 Pautas para a análise sintáctica e sobre a elección da terminoloxía ao redor da flexión verbal	175
14.6 Pautas para a elaboración de esquemas	175
14.7 Pautas para a elaboración de resumos	176
15 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	177
17.1 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino	177
16 Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica	178
16.1 Periodicidade con que se revisará a programación didáctica.....	178
16.2 Indicadores de avaliación da programación didáctica.....	178
17 Medidas para informar a familias e ao alumnado	180
18 Aprobación da presente programación didáctica para o curso 2022-23	180

1 Introducción e contextualización

A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) modifica os elementos que compoñen o currículo como regulador dos procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das etapas educativas.

Estes elementos pasan a ser os seguintes:

- Os **obxectivos** de cada ensino e etapa educativa.
- As **competencias** ou capacidades para aplicar os contidos de cada ensino e etapa educativa.
- Os **contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en materias, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función dos ensinos e as etapas educativas.
- Os **estándares** e resultados de aprendizaxe avaliáveis, que permiten definir os resultados das aprendizaxes en cada materia.
- Os **criterios de avaliación** do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa.
- A **metodoloxía didáctica**, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.

A presente programación contén tanto apartados xerais comúns a todas as etapas e niveis (como estratexia coordinada e conxunta para o presente curso escolar) como tamén as programacións específicas por curso que analizan e detallan os elementos comúns adaptándoos ás características particulares que se dan en cada un deles.

As accións relacionadas na maior parte dos capítulos están deseñadas para un escenario de docencia presencial. Recóllese no apartado de Metodoloxía unhas concrecións que se deberán seguir en caso de ensino non presencial.

1.1 Marco normativo básico

- Orde de 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento, os departamentos didácticos contarán cun plan anual que regule o seu traballo.

- Currículo básico de ESO e Bacharelato LOMCE.

- RD 1105/2014 (BOE 3/1/15).

- Corrección de erros do Currículo básico (BOE 1/5/2015).

- DECRETO 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 21/6/2015).

- Relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación.

- Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE 29/01/2015).

- Real Decreto 310/2016, de 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato (BOE 30/08/2016).

- RESOLUCIÓN de 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 01/08/2016).

- Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

1.2 Distribución de grupos e niveis

O IES Urbano Lugrís de Malpica conta hoxe cunha matrícula de 104 alumnos, repartidos en catro grupos de ESO como segue:

1º curso: 2 grupos (24 alumnos)

2º curso: 2 grupos (30 alumnos)

2º curso-PMAR: 1 grupo (6 alumnos)

3º curso: 1 grupo (18 alumnos)

4º curso: 2 grupos (26 alumnos)

O grupo ISEC (o Índice Socioeconómico e Cultural que define o grao de estudos, a situación laboral e profesional, e os recursos culturais e materiais dos fogares do alumnado do instituto), pertence ao nivel Medio-Baixo.

Todos o alumnado solicitou o transporte escolar para o curso actual. Veñen de Malpica, Seaia, Barizo, A Campara, Loroxo e incluso Tella.

En canto ao perfil académico, de 104 alumnos matriculados a comezos de curso, repiten 12, o que supón a porcentaxe de 11.53 %.

Na área de Lingua, son 6 os alumnos coa materia de pendente do curso anterior, 3 en 2º ESO-PMAR e 3 en 3º ESO.

Os grupos e niveis asignados ao departamento no curso 2022-2023 detállanse a continuación:

José Luis Castro González (xefe de Departamento):

1º ESO-A e B: 8 horas

4º ESO-B: 3 horas

Coordinación de biblioteca: 6 horas

Xefatura de departamento: 2 horas

HORAS LECTIVAS AO SEU CARGO: 19 horas.

Noelia Cives Soneira (funcionaria en prácticas do Departamento e xefa do Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias):

1º ESO: 3 horas (Historia e Xeografía, afín)

2º ESO-A e B: 6 horas (Lingua castelá e literatura)

2º ESO-A e B: 2 horas (Oratoria)

3º ESO-A: 3 horas (Lingua castelá e literatura)

4º ESO-A: 3 horas (Lingua castelá e literatura)

Titoría (4º A): 1 hora

Coordinación de actividades extraescolares e complementarias: 3 horas

HORAS LECTIVAS AO SEU CARGO: 21 horas.

1.3. Outras materias afíns ao departamento

Un grupo de 1º ESO de Xeografía e Historia (3 horas) e a optativa de Oratoria en 2º da ESO (unha hora por grupo = dúas horas) dependerán este curso académico do departamento de Lingua castelá e literatura e serán impartidas pola docente Noelia Cives Soneira.

2 Obxectivos

Os obxectivos enténdense como “os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o proceso educativo [...] resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin”. A consecución dos obxectivos mídese mediante criterios de avaliación, que resultan en concreto do referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado [...] describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina” (DECRETO 86/2015, de 25 de xuño (DOG do 29 de xuño de 2015), art. 3, apartados a, d).

De entre os obxectivos xerais de ensino que esta normativa establece con carácter xeral para Secundaria e Bacharelato, seleccionamos a continuación só aqueles que veñen vinculados ao currículo da nosa materia, con indicación do índice de recorrencia no conxunto de contidos e criterios curriculares.

2.1 Obxectivos curriculares da materia en ESO

A materia de Lingua e literatura castelá na ESO debe contribuír a desenvolver os seguintes logros no alumnado (DECRETO 86/2015, de 25 de xuño (DOG do 29 de xuño de 2015), art. 10):

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- g) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- h) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

- i) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaron contribucións importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2.1.1 Segundo de ESO (LCL): concreción de obxectivos curriculares

Enuméranse a continuación os obxectivos de curso:

1. Comprender os textos orais, interpretalos e valorar a súa expresión en ámbitos diversos.
2. Comunicarse de forma oral en contornas diversas e valorar a importancia da conversación.
3. Emitir mensaxes orais claros, adecuados ao contexto, coherentes e cohesionados, e utilizando a linguaxe oral e os aspectos prosódicos e non verbais da linguaxe.
4. Ler de forma comprensiva e con capacidade crítica textos diversos.
5. Extraer información de diversas fontes de comunicación escrita, impresa ou dixital, utilizándoa para aprender de forma activa.

6. Producir textos escritos coherentes e cohesionados, valorando a importancia da escritura.
7. Profundar nos aspectos gramaticais e estruturais das palabras, comprendendo o seu significado, diferenciando os seus usos subxectivos e obxectivos, e recoñecendo a importancia das súas relacións de igualdade e contrariedade.
8. Manexar o dicionario para a resolución de dúbidas e para enriquecer o propio vocabulario.
9. Utilizar os grupos ou sintagmas nominais, adxectivais, verbais, preposicionais e adverbais dentro do marco da oración simple.
10. Analizar os elementos constitutivos da oración simple.
11. Identificar a intención comunicativa do discurso, coa interpretación e a análise dos elementos lingüísticos que o compoñen.
12. Recoñecer a riqueza cultural que supón a variedade lingüística de España.
13. Ler obras da literatura española e universal como fonte de pracer e enriquecemento persoal e adquirir un hábito lector.
14. Reflexionar sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes.
15. Comprender textos literarios de distintos xéneros e épocas.
16. Escribir textos propios con intención literaria.

2.1.2 Cuarto de ESO (LCL): concreción de obxectivos curriculares

Sen deixar de considerar o predominio mostrado na táboa anterior, enumeramos a continuación os seguintes obxectivos de curso:

1. Comprender textos orais, interpretándoos e valorando a súa expresión dentro de ámbitos diversos.
2. Comunicarse oralmente en contornas diversas valorando a importancia da conversación.
3. Comunicarse de forma clara, adecuando o discurso ao contexto, con coherencia e cohesión utilizando a linguaxe oral e os aspectos prosódicos e non verbais da linguaxe.
4. Ler comprensivamente e con capacidade de crítica diversos textos.
5. Extraer información de diferentes fontes de comunicación escrita, en papel ou dixital, e utilízala para aprender de forma activa.
6. Producir textos con cohesión e coherencia, valorando a importancia da escritura.

7. Utilizar as distintas categorías gramaticais e formas verbais con intención comunicativa e expresiva en distintos contextos lingüísticos.
8. Coñecer a creación de palabras novas engadindo sufixos e prefixos provenientes doutras linguas.
9. Distinguir o significado das palabras dependendo do contexto onde se utilizan.
10. Recoñecer e analizar a estrutura das oracións compostas.
11. Utilizar os recursos lingüísticos dispoñibles para afrontar problemas de comprensión e expresión oral e escrita.
12. Analizar a estrutura dos distintos tipos de textos, interiorizala e empregala nas producións propias.
13. Utilizar a lingua con intención comunicativa, interpretando o discurso e analizando os elementos lingüísticos que o compoñen.
14. Ler obras da literatura española e universal, manifestando gusto pola lectura e desenvolvendo o hábito lector.
15. Reflexionar sobre as relacións entre a literatura e o resto das artes.
16. Comprender textos literarios representativos da literatura do século XVIII aos nosos días.
17. Escribir textos persoais de intención literaria.
18. Usar a creatividade na redacción de textos de carácter literario.

3 Metodoloxía

3.1. Ensino presencial

O DECRETO 86/2015, de 25 de xuño, art. 2, punto 3, fundaméntaa en "todo o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de modo consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados". A metodoloxía seguida polo departamento apóiase en:

O ensino dos contidos (unidades didácticas do libro de texto) deberá ir precedida dunha comprobación dos coñecementos previos, de maneira que a planificación axústese á diversidade e aos diferentes ritmos de aprendizaxe; neste sentido, partir da lectura e comentario dun texto apropiado pode converterse nun medio perfectamente útil para esta fase inicial.

A necesaria contextualización de contidos. O inicio da exposición de contidos curriculares deberá "brotar", se é posible, da contorna vital do alumnado (do armazón de intereses e inquietudes do seu mundo cotián), achegando o currículo á súa experiencia, de forma que comprobe que o saber e a vida non son compartimentos estancos, e asimilando os coñecementos de forma efectiva, acábeos aplicando en actitudes e comportamentos concretos.

Por iso é recomendable que a presentación de contidos (viva, dinámica, amena e ?aberta? aos referentes mentais do alumnado) complétese na mesma sesión coa práctica de actividades para asegurar o adecuado e efectiva aprendizaxe; as actividades para casa, en cambio, buscarán afianzar esta primeira aprendizaxe;

A docencia curricular deberá apoiarse nos numerosos instrumentos educativos presentes no centro: os dicionarios de aula, os libros de lectura do curso, o libro de texto, os recursos multimedia e en liña, a lousa dixital e de proxección; e por suposto a biblioteca do centro;

No curso da exposición dos contidos das unidades didácticas, o docente rebaixará o ritmo habitual da explicación, para verificar o grao de seguimento do alumnado. Esta comprobación pode dar paso a fases de participación e colaboración na aula.

A metodoloxía deberá ser activa e participativa.

Non debemos pasar por alto que os elementos curriculares da nosa materia son referentes dunha materia prima instrumental (a lingua viva que bole en mensaxes, situacións comunicativas, textos orais e escritos) da que sempre se pode partir para a presentación dos contidos; por iso, é oportuno que o punto de partida sexan textos e mensaxes que encaixen perfectamente no día a día dos alumnos e deste xeito, despertando o seu interese, facilitar a introspección do propio escolar, que lle permitirá mellorar a súa comunicación e verificar o seu proceso de aprendizaxe;

As actividades de clase (non só as contidas no libro de texto) deberán potenciar tanto o traballo individual (observable nas probas obxectivas escritas e no caderno escolar) como o colaborativo (en forma de presentación oral proxectos e traballos en común). Ha de facilitarse o clima adecuado para que o alumno poida aprender a elaborar sinxelos traballos monográficos mediante a consulta de información de variado tipo.

A elección das actividades de clase responderá o propósito de estimular sempre un deste tres procesos cognitivos fundamentais: coñecer (traballo directo dos contidos curriculares); aplicar (relacionar devanditos contidos co contexto do alumno e da súa contorna), e razoar (actividades que esixen reflexionar, explicación e xustificación nas respostas).

Dúas ferramentas fundamentais, especialmente na ESO, resultan o libro de texto e o caderno do alumno. O primeiro porque, sobre todo, compendia a programación didáctica e é un cómodo repertorio de textos, actividades e recursos, seleccionados para concretar os estándares de aprendizaxe e traballar elementos transversais e competencias básicas; tamén porque as unidades didácticas que o forman poden servir para a elaboración de resumos e guións que aprenderá a compor o alumno, como medio para asegurar a aprendizaxe e a autonomía persoal. O caderno, que se converte en rexistro directo do día a día na aula, na que ha de incluír corrixidas as probas escritas de avaliación, posúe tamén unha gran utilidade para alumno, os pais e o docente.

Os libros de lectura fixados para o curso, nas edicións recomendadas, coas súas útiles guías de lectura, constitúen un recurso de enormes posibilidades: desenvolvemento da competencia lingüística, cultivo do gusto lector, mostrario de situacións que potencian os elementos transversais, desenvolvemento da personalidade do alumno, etc.

3.2. Ensino non presencial

En caso de ensino non presencial, sexa por recibir o alumnado atención domiciliaria ou hospitalaria, seguiríase os protocolos en ámbolos dous casos.

No suposto de haber un brote de contaxio polo COVID-SARS 19 no entorno do alumnado, seguiríanse as instrucións de comezo do curso anterior e teríase en conta o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022” de data 01/10/2021. Como se sinala neste documento, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade facilita a todos os centros educativos unha Aula Virtual, a través do enderezo <https://www.edu.xunta.gal/centros/XXXXXX/aulavirtual2> onde XXXXX é o nome do centro, á que se podería acceder desde a páxina web do noso centro.

As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.

Concretaríase coas seguintes medidas:

a) A través desa plataforma e de EDIXGAL subiríanse os materiais educativos para o alumnado en situación de corentena á vez que se interactúa con eles e as súas familias vía *Webex* con fórmulas de comunicación como foros ou vídeo-chamadas.

b) No caso do alumnado que non lle sexa posible acceder ás plataformas dixitais, arbitrase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia.

c) Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia. Dedicará o tempo que precise na aula de informática para afianzar as destrezas do alumnado no uso do seu curso virtual.

d) Adaptación dos contidos curriculares a unha posible situación de semipresencialidade ou ensino a distancia.

e) Comprobar o seguimento do curso por parte do alumnado.

4 Elementos transversais

Conforme ao establecido no artigo 4 do DECRETO 86/2015, de 25 de xuño a materia de Lingua e literatura castelá favorecerá o traballo dos elementos transversais mediante as estratexias que con carácter xeral sinálanse a continuación:

Comprensión lectora	<ul style="list-style-type: none"> ▪ En todos os cursos, actividades das unidades didácticas do material dispoñible en EDIXGAL do alumnado específicas, dentro dos bloques de Comprensión e Comunicación (ligadas á avaliación dos estándares de aprendizaxe). ▪ Lectura e comentario de textos seleccionados de ámbito de comunicación variados (formal / espontáneo; divulgativo, xornalístico, literario). ▪ Lectura e estudo de dúas obras literarias por trimestre en cada curso. ▪ Dedicación específica dunha sesión semanal á lectura comprensiva de pasaxes literarias, nos dous primeiros cursos de ESO. ▪ As actividades e metodoloxía que buscan favorecer esta capacidade están descritas na apartado Contribución ao plan lector.
---------------------	---

Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Como estratexia interdisciplinar no centro, o noso departamento fomentará en todas as unidades didácticas a realización de esquemas, gráficos, etc. que axudan a entender e comprender mellor os conceptos e contidos da unidade. ▪ Especificamente, no estudo de materiais sobre a linguaxe publicitaria e os medios de comunicación favorecerase esta competencia. ▪ Na práctica das presentacións orais dos alumnos ante o resto do grupo, en que leva a cabo a exposición de temas, animarase a que vaian acompañadas de elementos non verbais ben de reforzo, ben autónomos.
TIC	<p>En todos os cursos, están presentes na contorna metodolóxica da aula, pois son recursos cotiáns como:</p> <ul style="list-style-type: none"> - os dicionarios en liña que acompañan as actividades de estudo dos textos: dicionarios normativos (a páxina <i>web</i> da RAE), outros dicionarios (de sinónimos, de antónimos, en recursos de <i>La Voz de Galicia</i>, <i>El Mundo</i>, de <i>El País</i>); - os recursos en liña para a resolución de dúbidas de carácter normativo e de uso lingüístico, como o banco de datos e corpus da RAE (CORDE e CREA); - o reforzo das explicacións na aula consistentes en elementos visuais como apoio (de todo tipo, destacando os do mundo da arte).
Emprendemento	<p>As actividades de clase traballarán as seguintes dimensións do desenvolvemento do emprendemento:</p> <ul style="list-style-type: none"> - a interacción social: o emprendemento non ten sentido en solitario, favorecerase a cooperación no traballo grupal; - o profesorado impulsará a motivación de logro, as emocións positivas que afianzan a realización persoal e o desenvolvemento do talento; - a creatividade como fundamento do emprendedor, que nace da capacidade para cuestionar o observado; é necesario favorecer a curiosidade e indagación; - o compoñente ético que debe rexer toda iniciativa; - de nada serven as intuicións, se non se saben comunicar; o saber transmitir ou comunicar as iniciativas que xurdan, mediante elementos verbais e non verbais.

5 Programación de Lingua e literatura castelá de 2º de ESO

5.1 Perfil competencial. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Estándares de aprendizaxe agrupados por competencias clave							
Nº	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
1	LCLB1.1.1	LCLB2.1.5	LCLB1.4.2	LCLB1.2.3	LCLB1.3.1	LCLB1.4.1	LCLB2.1.3
2	LCLB1.1.2	LCLB2.2.2	LCLB2.3.1	LCLB1.2.4	LCLB1.5.2	LCLB2.4.1	LCLB2.5.2
3	LCLB1.1.3	LCLB2.3.2	LCLB2.5.3	LCLB1.4.3	LCLB1.6.1		LCLB3.4.1
4	LCLB1.2.1	LCLB2.5.3		LCLB3.9.1	LCLB1.6.2		LCLB3.4.2
5	LCLB1.2.2			LCLB4.2.2	LCLB3.8.1		LCLB4.2.1
6	LCLB1.2.4			LCLB4.4.2	LCLB4.3.1		LCLB4.4.1
7	LCLB1.3.1						
8	LCLB1.5.1						
9	LCLB1.5.3						
10	LCLB1.5.4						
11	LCLB1.6.2						
12	LCLB2.1.1						
13	LCLB2.1.2						
14	LCLB2.2.1						
15	LCLB2.4.2						
16	LCLB2.5.1						
17	LCLB3.1.1						
18	LCLB3.1.2						

Estándares de aprendizaxe agrupados por competencias clave							
Nº	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
19	LCLB3.1.3						
20	LCLB3.2.1						
21	LCLB3.3.1						
22	LCLB3.5.1						
23	LCLB3.6.1						
24	LCLB3.7.1						
25	LCLB4.1.1						
26	LCLB4.3.1						
27	LCLB4.3.2						
28	LCLB4.4.1						

5.2 Unidades didácticas: temporalización

Nº	Descrición	Trimestre
1	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 1: Descrición das emocións que transmiten unha imaxe. Comentario en grupo dunha campaña en defensa dos seus bosques. Análise e comprensión de textos orais biográficos e dialogados. Participación nun diálogo expondo e escoitando opinións de forma pautada. Análise e mellora das producións orais. ▪ Bloque 2: Recoñecemento da información esencial dun texto biográfico a partir dun cuestionario. Coñecemento das estratexias para a comprensión de textos escritos de carácter narrativo. Elaboración de biografías e autobiografías de forma pautada. Interese crecente pola composición escrita. Procura, interpretación e uso da información na redacción de textos biográficos. ▪ Bloque 3: A comunicación: intención e funcións comunicativas. Caracterización da linguaxe verbal e non verbal. Comprensión 	1º

	<p>da relación existente entre a intención comunicativa e o uso de diferentes tipos de texto. Os enunciados: frases e oracións. Caracterización da lingua como un sistema articulado: morfemas, palabras, enunciados e textos. Clasificación dos principais tipos de enunciado. As familias léxicas. Os morfemas: raíz e afixos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 4: A linguaxe poética e os textos líricos. Análise a partir de cuestionarios do contido e os aspectos formais de textos poéticos breves. 	
2	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 1: Realización de xogos seguindo instrucións e de postas en común sobre diferentes temas ou contidos. escoita comprensiva de textos orais. Realización dun cuestionario tipo test sobre os contidos dunha audición. Vocalización das palabras e emprego da linguaxe non verbal para comunicarse abertamente. ▪ Bloque 2: Análise dun texto xornalístico a través dun cuestionario e identificación dos seus aspectos obxectivos e subxectivos. Asimilación da estrutura básica do texto expositivo. Lectura comprensiva e redacción de textos explicativos de carácter histórico. Revisión e corrección de textos propios. Procura e análise de información en fontes diversas. ▪ Bloque 3: O suxeito e o predicado da oración. A concordancia entre os elementos da oración. Identificación dos grupos sintácticos: nominal, adxectivo, adverbial, verbal e preposicional. Formación de grupos sintácticos seguindo un esquema previamente establecido. As normas ortográficas de uso da letra h. Os morfemas flexivos e os morfemas derivativos. Coñecemento e emprego de prefixos e sufixos de uso frecuente. ▪ Bloque 4: Os temas propios da poesía lírica. Análise de textos poéticos identificando os seus temas e reflexionando sobre o seu contido e os seus recursos literarios. Reflexión sobre a liberdade e a vida a partir da interpretación de poemas. Lectura expresiva de textos poéticos. 	1º
3	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 1: Comentario oral e en grupo dunha tira cómica. Interpretación dunha serie de audicións relacionando o seu contido cunha serie de imaxes. escoita dun relato oral e resposta a preguntas sobre o seu contido. Relato dunha historia a partir dunha serie de viñetas. Creación e relato oral do argumento dunha película. ▪ Bloque 2: Interpretación a partir de pautas dunha pintura rupestre, unha pintura do Antigo Exipto e unha tira cómica. Coñecemento da linguaxe do cómic e do cinema. Comprensión do cinema como combinación de elementos relacionados co son e coa imaxe. Elaboración dunha historieta empregando os recursos propios da linguaxe do cómic. Creación pautada dunha foto-relato. Redacción dunha crítica construtiva sobre unha foto-relato. ▪ Bloque 3: As características e os elementos do grupo nominal. O substantivo, o pronome e o determinante na oración: funcións e concordancia con outros elementos. Os complementos do nome: grupo adxectivo, grupo preposicional e aposición. As normas ortográficas de uso das letras b e v. A derivación nominal na formación de palabras. ▪ Bloque 4: Os tratamentos do tema do amor na poesía lírica. Análise de textos poéticos identificando os seus temas e reflexionando sobre o seu contido e os seus recursos literarios. Lectura expresiva de textos poéticos. Valoración da lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal. 	1º
4	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 1: Participación en actividades grupais con intención lúdica e creativa. Interpretación de textos orais descritivos sobre os sentimentos e as emocións. Expresión oral de emocións e sentimentos. Valoración dos propios sentimentos e 	1º

	<p>desenvolvemento da empatía.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 2: Interpretación dun texto narrativo que inclúe descrições a partir dun cuestionario. Recoñecemento dos principais trazos dos textos descritivos centrados na expresión de sentimentos. Distinción de textos descritivos obxectivos e subxectivos. Redacción de textos e elaboración dun cartel sobre cuestións relacionadas cos sentimentos. Valoración da escritura e a lectura como medios para expresar e comprender sentimentos. ▪ Bloque 3: Características e elementos do grupo adxectivo e do grupo adverbial. Comprensión da función do adxectivo na oración. Coñecemento dos graos do adxectivo. Realización pautada de análise morfosintácticos sinxelos. As normas ortográficas de uso das letras b e v. ▪ Bloque 4: A expresión da dor e o tema da morte na lírica. Análise de textos poéticos identificando os seus temas e reflexionando sobre o seu contido e os seus recursos literarios. Lectura expresiva de textos poéticos. Valoración da lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal. Redacción de poemas con gusto estético a partir de pautas. Emprego de metáforas e comparacións na redacción de textos poéticos. 	
5	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 1: Interpretación e produción de textos orais dialogados. Esfuerzo por conseguir claridade e coherencia nas propias comunicacións. ▪ Bloque 2: Os textos dialogados: o diálogo narrativo e o diálogo teatral; o estilo directo e o estilo indirecto. A linguaxe dos textos dialogados. Elementos formais dos textos dialogados (raias, incisos, comiñas e verbos dicendi). Interpretación dun mapa conceptual. Escritura pautada de diálogos empregando o estilo directo e o estilo indirecto. Redacción dunha entrevista empregando rexistros formais e informais. ▪ Bloque 3: As características do grupo verbal. Realización pautada de análise morfosintácticos sinxelos. As formas simples e compostas dos verbos. Uso dos verbos auxiliares haber e ser. Ortografía de g e j. Formación de adverbios en <i>-mente</i>. ▪ Bloque 4: Trazos e elementos do xénero narrativo. Identificación dos trazos da linguaxe narrativa. Redacción pautada dunha escena teatral. Desenvolvemento de habilidades creativas e artísticas. Análise e valoración a partir de cuestionarios de fragmentos de textos narrativos. 	2º
6	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 1: Participación en actividades grupais orais de tipo lúdico e creativo. Comentario oral da información que transmite unha fotografía. Conversación sobre o papel do TIC e os medios de comunicación na nosa vida cotiá. escoita activa e comprensión de exposicións e relatos orais. Realización dunha exposición oral a partir de pautas e dun mapa mental. ▪ Bloque 2: Os textos expositivos divulgativos e especializados. A linguaxe dos textos expositivos. Lectura comprensión e interpretación de textos expositivos. Escritura de textos expositivos. Interese crecente pola composición escrita. Procura e interpretación de información durante a planificación e redacción dun texto expositivo. Comprensión da necesidade de revisar as propias producións e corrixir textos de forma pautada. ▪ Bloque 3: Os complementos do predicado verbal. Leísmo, loísmo e laísmo. Realización pautada de análise morfosintácticos sinxelos. Ortografía de verbos con g e j. A derivación verbal. Coñecemento dos afixos para formar verbos a partir doutras palabras. 	2º

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 4: O conto: características e primeiras coleccións de contos. As coleccións de contos tradicionais. Valoración da lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal. Lectura comprensiva e en voz alta de textos narrativos breves. 	
7	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 1: Comentario oral dunha fotografía sobre unha entrevista televisiva. Participación en actividades grupais con intención lúdica e creativa. Comprensión dunha entrevista radiofónica. Realización dun debate a partir da escoita activa dunha reportaxe. Elaboración e recitado dunha <i>jitánfora</i>. ▪ Bloque 2: Coñecemento e uso de estratexias para a lectura e a comprensión de textos escritos de carácter dialogado. Análise de noticias e entrevistas a partir de cuestionarios. Recoñecemento dos xéneros xornalísticos. Caracterización da noticia e a entrevista. Asimilación da estrutura básica dunha entrevista e a súa reprodución escrita. Escritura de entrevistas reais e ficticias. Procura e análise de información en fontes diversas. ▪ Bloque 3: As propiedades do substantivo e as súas funcións dentro dun complemento verbal. O atributo e o complemento predicativo. O significado dos verbos <i>ser</i> e <i>estar</i>. Realización pautada de análise morfosintácticas sinxelas. Ortografía de g e j. As palabras primitivas, as derivadas e as familias léxicas. ▪ Bloque 4: Os relatos homéricos, cantares de xesta e a novela de cabalarías. A novela histórica e a novela de aventuras. Valoración da lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal. Lectura comprensiva e en voz alta de textos narrativos breves. 	2º
8	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 1: Comentario oral e en grupo dunha imaxe. Esfuerzo por conseguir claridade e coherencia nas propias comunicacións. Interpretación do contido dun diálogo real. Distinción de datos e hipóteses en textos orais. Formulación de hipóteses a partir da información exposta nunha infografía. ▪ Bloque 2: Interpretación dun texto expositivo a partir dun cuestionario. Recoñecemento da estrutura dun texto expositivo. Os textos xornalísticos de opinión. Análise de textos xornalísticos de opinión a partir dun cuestionario. Redacción pautada de textos de opinión a partir de indicacións e dun texto modelo. ▪ Bloque 3: Os complementos preposicionais. As oracións activas e as oracións pasivas. Identificación do complemento axente. Transformación de activas a pasivas. Ortografía da ll e do e. As palabras compostas. ▪ Bloque 4: A novela realista como instrumento de reflexión sobre a vida cotiá. <i>Don Quijote de La Mancha</i>, a novela picaresca e a novela realista nos séculos XIX e XX. A novela policial e a novela negra. A narrativa de ciencia ficción. 	2º
9	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 1: Participación en conversacións espontáneas respectando as normas de interacción e cortesía. Diálogo sobre os medios de comunicación e a liberdade de expresión a partir de preguntas previas. Interpreta o contido dun diálogo a partir dun cuestionario. Escoita e interpreta de forma combinada texto e imaxe. ▪ Bloque 2: Reflexión sobre a lectura en prensa e Internet e as horas dedicadas á televisión e á radio. Interpretación dun texto xornalístico a partir dun cuestionario. Os xéneros xornalísticos de opinión. Redacción pautada dun artigo de opinión. Ampliación de coñecementos sobre os xéneros xornalísticos de opinión a partir da consulta de páxinas <i>web</i>. ▪ Bloque 3: As oracións impersoais. Identificación do suxeito elíptico nunha serie de oracións. Realización pautada de análise 	3º

	<p>morfosintácticos sinxelos. Descrición dunha paisaxe empregando os verbos ser, estar, facer e haber en forma persoal e impersoal. Ortografía da letra x. As siglas, os acrónimos, os acurtamentos e as abreviaturas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 4: As características do xénero dramático. O texto teatral: literatura e espectáculo. Análise do contido, a estrutura e os aspectos formais dos textos teatrais a partir dun cuestionario. Estrutura interna e externa da obra dramática. Lectura dramatizada de textos teatrais. 	
10	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 1: Seguimento de instrucións orais para levar a cabo diferentes actividades. Participación en actividades grupais con intención lúdica e creativa. escoita activa e interpretación dunha serie de cuñas radiofónicas a partir dun cuestionario. Análise e comentario dun anuncio televisivo. Creación e gravación dunha cuña radiofónica para o seu posterior comentario en grupo. ▪ Bloque 2: Os textos publicitarios. Análise dun cartel publicitario a partir dun cuestionario. Interpretación e comparación pautada de dous anuncios. Valoración e realización de contra-anuncios. Realización dunha enquisa e elaboración dunha gráfica a partir de resultados obtidos na enquisa. Procura e interpretación de información sobre a publicidade en Internet e noutros medios. ▪ Bloque 3: As oracións copulativas e as predicativas: clasificación. As oracións predicativas transitivas e intransitivas. As transitivas reflexivas e recíprocas. Ortografía das letras c, z, qu, k. As locucións e a súa clasificación. ▪ Bloque 4: A traxedia: personaxes e acción. Os amores tráxicos na traxedia clásica: <i>Romeo y Julieta</i>. Identificación dos conflitos expostos nunha serie de fragmentos teatrais. 	3º
11	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 1: Participación en actividades grupais con intención lúdica e creativa. escoita activa e interpretación de críticas cinematográficas e comentarios de obras de arte. Realización pautada e exposición oral dunha crítica cinematográfica. Elaboración e expresión oral dunha crítica de arte a partir da imaxe dun cadro. ▪ Bloque 2: Interpretación combinada dun texto expositivo e do gráfico e a infografía que acompaña o texto. Os textos descontínuos: gráficos, infografías, mapas, táboas e formularios. Análise de gráficos e infografías a partir de cuestionarios. Elaboración dun documento no que se combinan táboas, mapas e outros textos descontínuos. Deseño e creación de etiquetas nutricionais. Elaboración pautada dun gráfico e debuxo dun mapa temático. Coñecemento e emprego do dicionario. ▪ Bloque 3: A análise completa das oracións. Asimilación e emprego dun modelo de análise morfosintáctico de oracións. Escritura de termos con d/z ao final de palabra e con cc/c en interior de palabra. ▪ Bloque 4: Características e elementos da comedia. Análise do contido, a estrutura e os trazos formais de textos teatrais a partir dun cuestionario. Realización de lecturas dramatizadas de fragmentos teatrais. As comedias de capa e espada e a sátira teatral. 	3º
12	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 1: Participación en actividades grupais con intención lúdica e creativa. Descrición oral dunha ilustración. escoita activa e interpretación dunha conferencia a partir dun cuestionario. Identificación das ideas dun texto oral. Preparación e realización pautada dunha conferencia. Valoración e comentario das producións orais propias e alleas. ▪ Bloque 2: Identificación do tipo de narrador nun fragmento literario. Análise do contido e expresión de opinións persoais sobre 	3º

<p>un fragmento da obra <i>Frankenstein</i>. Recoñecemento de hipervínculos e hipertextos. Creación pautada de textos narrativos. Creación e redacción de relatos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 3: Caracterización da diversidade lingüística de España. Lectura e comprensión de textos redactados en diferentes dialectos e linguas falados en España. Procura e interpretación de vídeos e audicións nos que se falen diferentes dialectos do castelán. Aplicación das normas de uso da maiúscula. Coñecemento e uso de diferentes tipos de dicionario. ▪ Bloque 4: Os personaxes no xénero dramático: principais e secundarios. Clasificación de personaxes: estereotipos, personaxes-tipo e individuais. Análise do contido, a estrutura e os aspectos formais de textos teatrais a partir dun cuestionario. Redacción dun texto teatral. Planificación, posta en escena e representación dun texto teatral. 	
--	--

5.2.1 Temporalización dos estándares e vinculación ás unidades didácticas

Na táboa seguinte recóllese a temporalización dos estándares da materia e relaciónanse estes coas unidades didácticas asociadas con eles (grazas ás actividades deseñadas nas unidades). Debe advertirse que, por necesidades didácticas (dado que a programación didáctica elabórase sen coñecer o perfil da maior parte do alumnado), a persoa docente poderá optar por substituír as actividades das unidades vinculadas aos estándares por outras que tamén os avalíen. Por exemplo, podería avaliar parte dos estándares relacionados coa comunicación oral valéndose dunha actividade como a exposición oral dun alumno ou alumna ante o grupo (con apoio TIC), observada mediante rúbrica de avaliación.

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (por trimestre)	Unidade didáctica
▪ LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/educativo e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do falante.	1º, 2º, 3º	1, 2, 3, 4, 6, 7, 8, 10, 11
▪ LCLB1.1.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas.	1º, 2º	1, 3, 4, 7
▪ LCLB1.1.3. Segue e interpreta instrucións orais respectando a xerarquía dada.	1º	4
▪ LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral.	2º, 3º	6, 10

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (por trimestre)	Unidade didáctica
▪ LCLB1.2.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas.	1º, 2º	1, 3, 4, 7
▪ LCLB1.2.3. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (solicita axuda, busca en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).	3º	9
▪ LCLB1.2.4. Resume textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lóxica e semanticamente.	3º	12
▪ LCLB1.3.1. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto ante as opinións das outras persoas.	1º, 2º, 3º	2, 4, 5, 7, 8, 9, 10, 12
▪ LCLB1.4.1. Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.	2º, 3º	5, 9
▪ LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o manexo de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.	3º	10
▪ LCLB1.4.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.	3º	12
▪ LCLB1.5.1. Realiza presentacións orais.	1º, 2º, 3º	2, 4, 5, 7, 8, 9, 10, 12
▪ LCLB1.5.2. Realiza intervencións non planificadas dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	1º, 2º, 3º	1, 8, 9
▪ LCLB1.5.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal de lingua nas súas prácticas orais.	3º	9
▪ LCLB1.5.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.	1º, 3º	2, 10
▪ LCLB1.6.1. Cínguese ao tema, non divaga e segue as instrucións do moderador en debates e coloquios.	1º	3
▪ LCLB1.6.2. Respecta as normas de cortesía que deben dirixir as conversacións orais axustándose á quenda de palabra, respectando o espazo, xesticulando adecuadamente, escoitando activamente ás outras persoas e usando	2º, 3º	5, 7, 8, 9, 12

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (por trimestre)	Unidade didáctica
fórmulas de saúdo e despedida.		
▪ LCLB2.1.1. Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e o tipo de texto.	1º, 2º, 3º	1, 2, 3, 4, 5, 6, 8, 9
▪ LCLB2.1.2. Comprende o significado das palabras propias de nivel formal de lingua e incorpóraas ao seu repertorio léxico.	1º, 2º	1, 2, 4, 5, 6, 7, 8
▪ LCLB2.1.3. Relaciona a información explícita e implícita dun texto, e pona en relación co contexto.	1º, 2º, 3º	1, 2, 3, 4, 5, 7, 8, 10
▪ LCLB2.1.4. Deduce a idea principal dun texto e recoñece as ideas secundarias, comprendendo as relacións que se establecen entre elas.	1º, 2º, 3º	1, 2, 3, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12
▪ LCLB2.2.1. Localiza, relaciona e secuencia informacións explícitas e implícitas nun texto, e deduce informacións ou valoracións implícitas.	1º, 3º	2, 3, 4, 9, 12
LCLB2.7.3. Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a lectura e a escritura.	Produce textos con intención literaria conforme a unhas pautas establecidas polo docente 1	X	X			X
LCLB2.7.4. Coñece e utiliza ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, participando, intercambiando opinións, comentando e valorando escritos alleos, ou escribindo e dando a coñecer os seus propios.	Usa o TIC para elaborar un traballo ou exposición sobre un tema dado 2		X	X		
LCLB3.1.1. Explica os valores expresivos que adquiren algúns adxectivos, determinantes e pronomes en relación coa intención comunicativa do texto	Identifica os usos habituais de adxectivos, determinativos e pronomes 1	X				X

Estándares de Aprendizaxe	Grado mínimo de consecución para superar a materia e indicador de logro	Procedementos e instrumentos de avaliación				
		Proba escrita	Observación na aula	Traballo individual	Traballo en grupo	Caderno ou clasificador de clase
onde aparecen.						
LCLB3.2.1. Recoñece e explica os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.	Identifica os usos propios e impropios máis comúns das formas verbais 1	X				X
LCLB3.3.1. Recoñece os procedementos para a formación de palabras novas e explica o valor significativo dos prefixos e dos sufixos.	Identifica procedementos motivados de creación léxica en exemplos sinxelos 2	X				X
LCLB3.3.2. Forma substantivos, adxectivos, verbos e adverbios a partir doutras categorías gramaticais, utilizando diversos procedementos lingüísticos.	Achega casos de derivación e composición a partir de formas simples segundo modelos 2	X				X
LCLB3.3.3. Coñece o significado dos principais prefixos e sufixos de orixe grecolatino e utilízalos para deducir o significado de palabras descoñecidas.	Identifica a presenza de raíces prefixas e sufixas de orixe clásica frecuentes e observa a súa recursividade 2	X				X

Estándares de Aprendizaxe	Grado mínimo de consecución para superar a materia e indicador de logro	Procedementos e instrumentos de avaliación				
		Proba escrita	Observación na aula	Traballo individual	Traballo en grupo	Caderno ou clasificador de clase
LCLB3.4.1. Explica todos os valores expresivos das palabras que gardan relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.	Vincula casos de significados subxectivos e intención comunicativa 1	X				X
LCLB3.4.2. Explica con precisión o significado de palabras, e usa a acepción adecuada en relación co contexto en que aparecen.	Explica propiamente o significado das palabras, segundo a súa categoría, e é capaz de identificar casos de polisemia evidentes 1	X	X			X
LCLB3.6.1. Transforma e amplía oracións simples en oracións compostas, usando conectores e outros procedementos de substitución para evitar repeticións.	Constrúe oracións compostas conservando a estrutura funcional das simples 1	X				X
LCLB3.6.2. Recoñece a palabra nuclear que organiza sintáctica e semanticamente un enunciado, así como os elementos que se agrupan ao redor dela.	Identifica a estrutura de frases e oracións 2	X				X
LCLB3.6.3. Recoñece a equivalencia semántica e	Recoñece e distingue os mecanismos de	X				X

Estándares de Aprendizaxe	Grado mínimo de consecución para superar a materia e indicador de logro	Procedementos e instrumentos de avaliación				
		Proba escrita	Observación na aula	Traballo individual	Traballo en grupo	Caderno ou clasificador de clase
funcional entre o adxectivo, o substantivo e algúns adverbios con oracións de relativo, substantivas e adverbiais respectivamente, transformando e ampliando adxectivos, substantivos e adverbios en oracións subordinadas e inseríndoas como constituíntes doutra oración.	recursividade e equivalencia funcional habituais en sintaxes para a clasificación da oración composta 1					
LCLB3.6.4. Utiliza de modo autónomo textos da vida cotiá para a observación, reflexión e explicación sintáctica.	Achega exemplos de uso cotián da lingua para ilustrar a tipoloxía sintáctica 1	X				X
LCLB3.7.1. Revisa os seus discursos orais e escritos aplicando correctamente as normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social para obter unha comunicación eficiente.	Aplica as normas ortográficas e gramaticais nas súas exposicións orais e nos seus textos escritos 1	X		X		X
LCLB3.8.1 Identifica e explica as estruturas dos xéneros textuais,	Identifica diferentes tipos de textos e analiza as	X		X		X

Estándares de Aprendizaxe	Grado mínimo de consecución para superar a materia e indicador de logro	Procedementos e instrumentos de avaliación				
		Proba escrita	Observación na aula	Traballo individual	Traballo en grupo	Caderno ou clasificador de clase
con especial atención ás expositivas e argumentativas, e utilízaas nas súas propias producións orais e escritas.	propiedades textuais en cada un deles 1					
LCLB3.8.2. Coñece os elementos da situación comunicativa que determinan os usos lingüísticos (tema, propósito, destinatario, xénero textual, etc.).	Recoñece os usos lingüísticos adecuados ás diferentes situacións comunicativas. Caracteriza textos segundo a relación entre o emisor e o receptor. 2	X				X
LCLB3.8.3. Describe os trazos lingüísticos máis sobresañentes de textos expositivos e argumentativos, relacionándoos coa intención comunicativa e o contexto en que se producen.	Caracteriza os trazos característicos dos textos expositivos e argumentativos 1	X				X
LCLB3.8.4. Recoñece nun texto os procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade, e utilízaos nas producións propias.	Identifica as principais marcas de subxectividade nun texto sinxelo 2	X				X
LCLB3.9.1. Recoñece e utiliza a	Identifica a substitución	X				X

Estándares de Aprendizaxe	Grado mínimo de consecución para superar a materia e indicador de logro	Procedementos e instrumentos de avaliación				
		Proba escrita	Observación na aula	Traballo individual	Traballo en grupo	Caderno ou clasificador de clase
substitución léxica como un procedemento de cohesión textual.	léxica nos textos 1					
LCLB3.9.2. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, así como os mecanismos gramaticales y léxicos de referencia interna que proporcionan cohesión a un texto.	Identifica os principais mecanismos de cohesión nos textos 1	X				X
LCLB3.10.1. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais ou escritos en función da intención comunicativa e do uso social.	Distingue entre rexistro coloquial e formal nos textos comunicativos 2	X				X
LCLB3.10.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada situación comunicativa, e aplícao nos seus discursos orais e escritos.	Usa o rexistro adecuado nas súas producións académicas 2	X	X			
LCLB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de	Comparte material multimedia aloxado na rede		X	X		

Estándares de Aprendizaxe	Grado mínimo de consecución para superar a materia e indicador de logro	Procedementos e instrumentos de avaliación				
		Proba escrita	Observación na aula	Traballo individual	Traballo en grupo	Caderno ou clasificador de clase
materiais multimedia, folletos, carteis, reseñas sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	sobre algún tema de actualidade próximo aos seus intereses, no que se empreguen dúas ou máis linguas 1					
LCLB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	Vincula por analoxía ou contraste produtivamente características ou fenómenos sinxelos; en calquera plano lingüístico, similares en dous ou máis linguas 1		X			
LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos e ás súas afeccións.	Le algunha obra de lectura libre (incluído un conto ou fragmento destacado), demostrando unha comprensión cabal do seu contido 2	X		X		

Estándares de Aprendizaxe	Grado mínimo de consecución para superar a materia e indicador de logro	Procedementos e instrumentos de avaliación				
		Proba escrita	Observación na aula	Traballo individual	Traballo en grupo	Caderno ou clasificador de clase
LCLB4.1.2. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.	Le algunha obra de lectura libre (incluído un conto ou fragmento destacado) e, a partir dunha comprensión cabal da mesma, comparte as súas impresións sobre os aspectos (personaxes, temas, situacións...) que considera máis valiosos 1			X		
LCLB4.1.3. Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura.	Manifesta a comprensión de diferentes textos literarios a través da resposta a preguntas concretas de forma lóxica. É capaz de relacionar a finalidade da obra cos seus propios gustos ou intereses 1	X	X	X		
LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación existente entre manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cinema, etc.).	Explica as características esenciais dos movementos artísticos 1	X	X	X		

Estándares de Aprendizaxe	Grado mínimo de consecución para superar a materia e indicador de logro	Procedementos e instrumentos de avaliación				
		Proba escrita	Observación na aula	Traballo individual	Traballo en grupo	Caderno ou clasificador de clase
LCLB4.2.2. Recoñece e comenta a continuidade ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo dos diversos períodos histórico-literarios, até a actualidade.	Capta en actividades concretas a pervivencia de estereotipos, tópicos, arquetipos fundamentais en distintos medios ao longo das épocas, e relacións con seus xuízos persoais 1	X				
LCLB4.3.1. Fala en clase dos libros e comparte as súas impresións cos seus compañeiros.	Responde a preguntas sobre textos literarios representativos e comparte esta información cos seus compañeiros, mantendo unha actitude de escoita activa cara a eles. 2		X	X		
LCLB4.3.2. Traballa en equipo determinados aspectos das lecturas propostas ou seleccionadas polos alumnos, investigando e experimentando de forma progresivamente autónoma.	Consulta fontes de internet e elabora unha reseña sobre unha película do seu gusto, compartindo ante o grupo as súas impresións 2				X	X
LCLB4.3.3. Le en voz alta, modulando e adecuando a voz, apoiándose en elementos da	Recita seguindo pautas básicas fragmentos literarios breves		X			

Estándares de Aprendizaxe	Grado mínimo de consecución para superar a materia e indicador de logro	Procedementos e instrumentos de avaliación				
		Proba escrita	Observación na aula	Traballo individual	Traballo en grupo	Caderno ou clasificador de clase
comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	2					
LCLB4.3.4. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.	Declama seguindo pautas básicas fragmentos literarios breves 2		X			
LCLB4.4.1. Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura desde o século XVIII aos nosos días, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.	Le e comprende fragmentos de textos especialmente representativos da literatura desde o século XVIII até a actualidade, explicando os temas e as súas características. 1	X				X
LCLB4.4.2. Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do autor e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.	Le textos de diferentes autores e explica a relación que existe entre o contido da obra e a intención do autor. 1			X		X

Estándares de Aprendizaxe	Grado mínimo de consecución para superar a materia e indicador de logro	Procedementos e instrumentos de avaliación				
		Proba escrita	Observación na aula	Traballo individual	Traballo en grupo	Caderno ou clasificador de clase
LCLB4.5.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.	Redacta algún tipo de texto literario seguindo as pautas do docente 2					
LCLB4.5.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.	Valora algunha das obras de lectura da aula, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis lle chamaron a atención e describindo o que lle achegou a lectura como experiencia persoal. 1		X			
LCLB4.6.1. Consulta e cita adecuadamente varias fontes de información para desenvolver por escrito, con rigor, claridade e coherencia, un tema relacionado co currículo de Literatura.	Incorpora información de fontes bibliográficas recomendadas para a preparación dun tema encomendado do currículo do bloque de Literatura, que deberá exporse cun mínimo de rigor e claridade 2		X	X		
LCLB4.6.2. Incorpora aos seus	Manifesta a comprensión de	X	X			X

Estándares de Aprendizaxe	Grado mínimo de consecución para superar a materia e indicador de logro	Procedementos e instrumentos de avaliación				
		Proba escrita	Observación na aula	Traballo individual	Traballo en grupo	Caderno ou clasificador de clase
traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias, expresándose con rigor, claridade e coherencia.	diferentes textos literarios moi representativos a través da resposta a preguntas concretas de forma lóxica. É capaz de valorar de forma pertinente e xustificada aspectos da obra cos seus propios gustos ou intereses. 1					
LCLB4.6.3. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.	Usa as TIC para buscar información sobre os temas que debe desenvolver nos seus traballos. 2		X	X		

7 Síntese de instrumentos de avaliación

Lingua castelá e literatura 1º ciclo de ESO (2º)		
PROCEDEMENTO	FORMATO	VALOR
Contidos curriculares	Exame, proba, traballo	Ata 6 puntos
Avaliación lectura	Exame, proba, traballo	Ata 2 puntos
Traballo na aula	Exposición oral, manexo ferramentas dixitais para a súa exposición	Ata 1 punto
	Traballos escritos	Ata 1 punto

Lingua castelá e literatura 2º ciclo de ESO (4º)		
PROCEDEMENTO	FORMATO	VALOR
Contidos curriculares	Exame, proba, traballo	Ata 7 puntos
Avaliación lectura	Exame, proba, traballo	Ata 2 puntos
Traballo na aula	Exposición oral, manexo ferramentas dixitais para a súa exposición	Ata 0,5 puntos
	Traballos escritos	Ata 0,5 puntos

A avaliación das exposicións orais farase mediante rúbrica que poderá desagregar (segundo proceda) apartados como a entoación (velocidade, fluidez e claridade), a adecuación da linguaxe corporal, a corrección da expresión oral, o contido, os recursos visuais e o axuste aos tempos acordados.

A avaliación das composicións escritas terá en conta (principalmente) apartados como a organización de ideas, a pertinencia do contido, a claridade comunicativa e a adecuación e corrección expresivas.

En cada grupo poderanse realizar lecturas complementarias de tipo 2 dirixidas a todo o grupo, pero a avaliación desta actividade (que poderá facerse mediante proba escrita ou a través dunha rúbrica de avaliación oral) non interferirá na cualificación daqueles alumnos que non a levasen a cabo. Para iso, esta actividade haberá de cualificarse, cando o alumnado participante fágao positivamente, cun plus de ata 0,5 puntos que se engadirán á nota trimestral. Desta forma, garántese a equidade na avaliación xeral do grupo pero ao tempo dáse a oportuna atención a aqueles con afección lectora.

8 Avaliación inicial: medidas

Realización	Etapa	Finalidade	Descrición
A comezos de curso	Todos os cursos da ESO	Determinar grao de consecución dos obxectivos curriculares esperables no curso.	Será común a todos os grupos de cada curso.
A información obtida de cada			Avaliará o grao de consecución

<p>alumno nos resultados da proba deberá complementarse coa que reflicte o expediente académico do programa XADE (expediente e resultados académicos de cursos pasados). De estimarse polo docente que os resultados aconsellan adoptar algún tipo de medida, procederase como segue:</p>		<p>Son os esperables ou suficientes. Se deben mellorar e traballarse. Se se descoñecen.</p>	<p>mínimo de elementos curriculares do curso anterior mediante descritores básicos das catro dimensións da Competencia lingüística. En 1º de ESO avaliaranse destrezas básicas de final de Primaria e incluirá: a) fase de lectura en voz alta; b) fase de comprensión oral e escrita; c) audición; d) fase de produción oral e escrita, con especial atención á ortografía.</p>
---	--	---	---

A información obtida do alumnado nos resultados da proba deberá complementarse coa que reflicte o expediente académico do programa XADE (expediente e resultados académicos de cursos pasados).

De estimarse polo corpo docente que os resultados aconsellan adoptar algún tipo de medida, procederase como segue:

MEDIDA	Ámbito e órgano	Avaliación de medidas
Individual	XUNTA DE AVALIACIÓN INICIAL (información e estudo de medidas en colaboración co departamento de Orientación) DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA (avaliación de adopción de medidas de reaxuste da PDA)	Reforzo organizativo na área fóra de aula, mediante apoio ou adaptación curricular. Reforzo individualizado na aula mediante material específico; Reforzo individualizado na aula mediante adaptación.
Colectiva	Colectiva XUNTA DE AVALIACIÓN INICIAL (comunicación e estudo de medida en colaboración co departamento de Orientación) DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA (avaliación de adopción de medidas de reaxuste da PDA)	Ademais das anteriores, introdución de axustes na PDA

9 Materias pendentes

O alumnado de 2º e 4º de ESO que ten suspensa a materia do curso anterior (LCL 1º e LCL 3º de ESO) deberá realizar ao longo do curso 2022-23 diversas actividades de recuperación de competencias básicas do currículo propostas polo departamento. A cumplimentación destas actividades será supervisada trimestralmente polo profesor de lingua do grupo ao que pertenza cada alumno.

O método de traballo será o seguinte:

O Xefe de Departamento será o encargado de entregar os boletíns de actividades, pero será a profesora que imparta docencia no curso a que supervise e oriente ao alumnado en todo o momento.

Faranse cinco entregas que serán distribuídas de setembro a maio cuns prazos de entrega acordados no Departamento.

Ademais, deberán realizar un exame ou proba escrita de toda a materia no mes de maio, o cal avaliará os mínimos do curso (os elementos básicos do contido curricular da materia).

Para esta proba serán de aplicación os mesmos criterios que se estableceron nesta programación para as probas finais do ano académico anterior, isto é: as preguntas versarán en cada nivel unicamente sobre os estándares de aprendizaxe que na PD son avaliábles mediante proba escrita.

A avaliación será positiva cando o alumnado demostre, como mínimo, un grao de consecución conxunto destes estándares equivalente a SUFICIENTE (5). A proba escrita de toda a materia será entre o 9 e o 11 de maio de 2023, segundo se informou en claustro e CCP de comezo de curso.

Ademais, na convocatoria final de xuño farase tamén outra proba das mesmas características.

(No caso de haber algunha variación nas datas avisaríase ao alumnado con antelación).

Os profesorado do departamento deberá informar ao alumnado e titores/as do disposto neste programa de recuperación así como ás familias.

Dado que somos un departamento pequeno, consideramos que deberán asistir os dous integrantes á realización das probas finais de recuperación.

10 Plan de atención ao alumnado repetidor

Cando nos referimos ao alumnado repetidor estamos a falar de escolares que están en risco de fracaso escolar, polo que é fundamental prestarlles unha especial atención. En primeiro lugar, deberemos distinguir entre un alumno ou unha alumna que está a repetir curso, pero aprobou a materia do curso anterior ou un alumno ou unha alumna que a ten suspensa:

— Se repite curso, pero no curso anterior aprobou a materia: seguirá a clase con normalidade sen seguir un plan de reforzo determinado.

— Se repite curso e no curso anterior non aprobou a materia establececese:

1. Comprobarase se en cursos anteriores tivo reforzo na materia ou outra medida de atención á diversidade.

2. O alumno ou alumna seguirá un plan específico personalizado, adaptado ás súas necesidades concretas, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior.

3. Este plan poderá incluír a incorporación do alumno ou alumna a un programa de reforzo, así como un conxunto de actividades programadas para realizar un seguimento personalizado do mesmo ou mesma.

4. Todas estas medidas realizaranse coa participación do alumnado repetidor e a supervisión continua do profesor ou profesora da materia, en comunicación co titor, orientador e pais ou titores legais.

O plan desenvolverase partindo da información obtida na proba inicial e dos informes personalizados do alumno ou alumna. Unha vez detectadas as carencias, realizarase parcial ou totalmente o seguinte:

— Reforzar aquelas competencias, contidos e actitudes nas que mostrase dificultades no curso anterior.

— Colocalo na aula próxima ao profesor, para poder realizar un mellor seguimento e observación da evolución da súa aprendizaxe.

— Agrupalo á beira dun compañeiro que poida axudalo nas dúbidas básicas para un mellor seguimento da clase,

— En caso necesario, por carencias significativas, realizará un caderno de actividades básicas. Estas actividades serán supervisadas polo profesor ou profesora. Este material supervisarase ao final de cada avaliación, valorando o progreso do alumno.

Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación serán os do curso en cuestión.

11 Contribución ao plan lector

É evidente que a actividade docente da área de Lingua e literatura, atendendo á dimensión que lle confiren os elementos curriculares do Decreto 86_2015 do 25 de xuño (obxectivos, criterios de avaliación, contidos, estándares de avaliación) é clave no fomento da lectura e con iso da comprensión lectora. A planificación das actividades adecuadas que, a diario, avalían os estándares constitúe xa de seu un instrumento primordial nesta contribución. Precisamente os obxectivos máis recorrentes no currículo da área de Lingua recollidos no mencionado Decreto son:

— *en ESO, comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.*

A realización planificada de actividades ligadas ao currículo, traballando con textos e obras literarias, a pesar das exiguas tres horas semanais, supón unha importante contribución. Se este labor se coordinada en estratexia coas outras áreas lingüísticas (a de lingua galega, lingua inglesa e lingua francesa) resulta aínda máis eficaz.

Cremos que as seguintes pautas metodolóxicas poden contribuír á formación e consolidación do gusto lector:

ACTIVIDADE INTERCURRICULAR

- Que a lectura e estudo dunha obra de lectura nun grupo e curso se poida abordar en ocasións de forma integral desde diferentes áreas ou departamentos, facendo consciente ao alumnado de que o ler non é unha actividade estanca ou ligada ás linguas, senón un exercicio multidisciplinar.

HÁBITO LECTOR

- Na aula debe favorecerse un ambiente lector, unha situación que desenvolva o desexo de ler:
 - a. iniciando a lectura de textos de forma expresiva e dramatizada;
 - b. favorecendo actividades que leven a compartir e comentar creacións individuais;
 - c. presentando a lectura non como unha obriga escolar, senón como unha aventura chea de sorpresas e enriquecedora;
 - d. estimular a elaboración propia de textos, abandonando a persoa docente a situación de crítico privilexiado que lle leva a negar os puntos de vista ao alumnado ou a rexeitar interpretacións;
 - e. que o profesor ou a profesora se mostre, non como un inquisidor/a cheo/a de prexuízos esteticistas, senón como un/unha lector/a entusiasta, que comunica a súa paixón, ademais de coñecer ben a literatura xuvenil;

- Que cando se valore a creación literaria dos estudantes, ou a interpretación que estes fagan de fragmentos literarios das obras de lectura, non se desprezen estas, mesmo se fosen disparatadas ou insólitas, senón que se mostre interese en reconducilas, sen exhibir aseveracións irrefutables sobre este proceso.

- Nos dous primeiros cursos de ESO, dedicación exclusiva dunha sesión ou parte dela á semana para a lectura individual e colectiva dunha obra, favorecendo un espazo lector.

Realización de lecturas voluntarias cada trimestre en todos os cursos.

- Que os alumnos dos dous primeiros cursos de ESO efectúen un préstamo de libro a domicilio na biblioteca do centro antes do período de vacacións para que lean un capítulo ou un fragmento dunha obra literaria recomendada.

SELECCIÓN DE LECTURAS

- Que a selección de lecturas para cada curso non entre en conflito coas preferencias e intereses dos estudantes, sen antepor rotundos prexuízos esteticistas que os desanimen.

- Que a selección das obras de lectura teña en conta o nivel formativo do grupo.

- Que as edicións das obras de lectura resulten accesibles, cun deseño apropiado e con notas aclaratorias sobre o vocabulario e as referencias de contido.

A EXPERIENCIA LECTORA

- Ler en voz alta fragmentos unitarios que combinen a aventura, o misterio o suspense para que a historia atrape o alumnado, suspendendo a lectura cando sexa necesario, aínda que prolongue o proceso, para atender as súas dúbidas ou as súas observacións persoais.

- Cerrar a lectura de un fragmento con comentarios que dean sentido especial á historia contada.

- Que o grupo comparta a experiencia lectora, despertando ou estimulando a curiosidade lectora e creando un ambiente lector; a actividade de organizar dramatizacións en semicírculo dos fragmentos lidos favorecerá a creación de ambientes lectores.

- Animar os estudantes a escribir aquelas experiencias que consideren significativas, compartíndoas co resto da clase.

- Facilitar que o alumnado, tras cada lectura voluntaria, realicen una intervención ante o grupo na que reseñen algún aspecto da obra.

- Que realicen a lectura de, polo menos, unha obra representativa da literatura cada trimestre, que servirá como punto de partida para a reflexión sobre os grandes interrogantes da condición humana.

- Que poidan realizar lecturas de obras con carácter voluntario avaliadas próximas aos seus gustos, pero non enfocadas como

actividade de mérito académico senón como medio de entretemento e coñecemento.

- Que os alumnos advirtan a pervivencia dos tópicos e os temas abordados nas obras ao longo da historia noutras manifestacións artísticas.
- Visionar adaptacións completas ou parciais das obras ou dos tópicos que expoñen (historia, personaxes, temas) noutros medios artísticos (cinema, serie, musical, etc.).
- Que o alumnado elabore material multimedia na rede sobre algún aspecto da lectura;

Impulsar un uso produtivo do TIC que permita localizar e seleccionar datos e informacións de maneira áxil e eficiente, empregando as novas tecnoloxías como instrumentos de motivación, de comunicación e de acceso á cultura.

- Que o alumnado se familiarice coas instalacións e servizos da biblioteca e da aula de informática do centro.

12 Educación en valores

12.1 Contribución ao plan de convivencia

Como contribución ao plan de convivencia, desde o departamento, débense articular de forma precisa actuacións promotoras de valores democráticos de convivencia, de cultura de negociación e diálogo e de cultura de paz. Terase que sensibilizar ao alumnado no seu papel activo e de implicación no recoñecemento, evitación e control dos conflitos de convivencia no centro. Para iso, traballárase co alumnado aspectos que lle permita:

- Desenvolver habilidades interpersoais.
- Favorecer a comunicación e a toma de decisións por consenso.
- Asumir e practicar o respecto polos demais, polo mobiliario e polos bens comúns, a tolerancia crítica, a solidariedade, os dereitos humanos, o medio natural, a igualdade entre homes e mulleres.

O departamento traballa a maioría destes contidos. O mantemento da tranquilidade, a orde, a limpeza en clase e o control de asistencia e puntualidade do alumnado tamén fomentan moitos dos obxectivos que se indican no Plan de Convivencia. Ademais, dentro do Plan de Convivencia colaboraremos na posta en práctica de medidas de atención á diversidade, que xa foron indicadas nesta programación.

As obras de lectura da programación ilustran situacións concretas para reflexionar sobre estes valores, por canto nelas preséntase a experiencia vital de personaxes ante os que o alumnado debe situarse. As lecturas de clásicos da literatura ofrecen valores permanentes que serven de aproveitamento en calquera época.

12.2 Educación en valores

Con carácter xeral:

Principios e valores que traballan en casa	Instrumento de avaliación
Solidariedade, respecto e tolerancia	Observación na aula. Traballo en equipo.
Esforzo individual	Observación na aula.
Motivación	Observación na aula. Caderno ou clasificador de clase.
Prevención de conflitos	Observación na aula. Discusión e tratamento en grupo de todas as problemáticas que xorden en clase.
Responsabilidade individual	Control dos deberes, do material necesario (libro, caderno...)
Igualdade entre homes e mulleres	Observación na aula.

13 Actividades complementarias e extraescolares programadas

As actividades, sempre que a situación sanitaria o permita, consistirán na asistencia a representacións teatrais de obras de lectura programadas no currículo ou outras que poidan ser de relevancia para o alumnado de ESO, ou ben visitas guiadas a casas museo de escritores ou escritoras.

Realizaranse outras de carácter complementario na biblioteca para a conmemoración dalgunha efeméride literaria, celebrar algún día internacional ou a visita de autores de literatura xuvenil.

Entre estas actividades están previstas e xestionadas ata o de agora:

- a) Visita á casa-museo de Emilia Pardo Bazán e á RAG na Coruña prevista para o xoves 13 de outubro.
- b) Actividade de “¿Por qué leer a los clásicos?” do MEC coa visita de Inma López Silva, o 17 de novembro.
- c) Exposición de láminas con réplicas de *El camino* feitas por Delibes para a semana do libro, cedida temporalmente pola Fundación Miguel Delibes.
- d) Exposición de láminas sobre Valle Inclán.
- e) Xornadas de formación da man de Rosalía Fernández Rial.
- f) Visita de Chiki Fábregat o 28 de febreiro.
- g) Charal dunha periodista na semana da prensa.
- h) Saída a Televisión e Radio de Vigo así como unha ruta literaria de Julio Verne o 30 de marzo.

14 Acordos de pautas recollidos no ámbito do programa TIL

Estes acordos prodúcense nos seguintes ámbitos:

14.1 Uso adecuado das ferramentas dixitais:

Recoméndase o bo uso das ferramentas dixitais, evitando de forma predeterminada:

- o tradutor en rede;
- a descarga directa de traballos alleos na rede;

14.2 Pautas para elaborar unha definición

As definicións das palabras faranse segundo o contexto no que se atopa o termo definido,

- Iniciaremos a definición cun vocábulo similar, isto é, pertencente á mesma clase de palabra definida: os substantivos, se é posible, mediante un hiperónimo; os verbos, mediante un sinónimo no mesmo tempo ou persoa; os adxectivos, mediante fórmulas do tipo “dise de”, “refírese a”, “aplícase a”, “que”. Despois do inicio da definición, esta complétase matizando as características relevantes do termo definido.

- O alumnado debe asumir, polo dito antes, que unha definición non se limita á mera definición de sinónimos; estes poden axudar, pero non son propiamente a actividade da definición.
- Debe, evitarse, na medida do posible, unha definición que repita o vocábulo ou termo definido; sempre se buscará un sinónimo ou calquera outro semantema da familia.
- De igual modo, evítanse en especial expresións inadecuadas para un rexistro formal, do tipo: “é”, “é como”, “é como cando”, “é como cando por exemplo”, “en plan”, “é cando”, e similares.
- Na definición, os exemplos, se se achegan, non poden substituír a explicación.
- O obxectivo fundamental é que o alumnado consiga redactar de forma persoal a definición, evitando a reprodución de algo memorizado.

14.3 Pautas para a presentación de probas escritas e exames

- Debe evitarse bolígrafo de cor vermella ou verde; tamén, lapis e corrector.
- As respostas deberán facerse nos espazos habilitados ao efecto, evitando que por preguiza o alumnado as redacte fóra de liña no mesmo enunciado da pregunta.
- Para facilitar a corrección da proba, deben gardarse marxes laterais, así como deixar espazo entre as preguntas.
- Cando haxa necesidade de descartar algo por erro, bastará cunha liña fina de emenda acoutando a parte suprimida entre paréntese. Debe evitarse riscar facendo borróns.
- Convén resaltar (con subliñado, guión ou outro medio) os enunciados das preguntas, se houberse que repetilos para as respostas.
- Deberá poñerse entre aspas calquera cita do texto, así como a mención de termos en función metalingüística.
- As páxinas deberán ir numeradas, co nome do alumnado na cabeceira.
- Procurarase na medida do posible a orde e a pulcritude nas probas. De maneira que, se, unha vez contestada unha pregunta, se vise a necesidade de ampliar a información, deberán evitarse engadidos fóra de marxe. No seu lugar, poderán usarse os procedementos tradicionais da nota ao pé de páxina, ou ben os asteriscos a modo de conectores entre a parte que se ha de ampliar e a información complementaria que aparecerá no outro folio (tipo 1*).
- Cómpre lembrarlle ao alumnado que resulta moi útil reservar os últimos minutos da proba para revisar a corrección expresiva e a presentación do exercicio.

14.4 Pautas para cita de textos e bibliografía

As fontes consultadas na elaboración dun traballo deben citarse na parte final do documento. Un modelo para elaborar este apartado será:

- Se se trata dunha obra impresa, recolleranse os seguintes campos: o nome do autor (APELIDOS en maiúscula); o título da obra (subliñado, se é versión manuscrita, ou con cursiva despois de dous puntos, se está mecanografado), a editorial, a cidade onde esta se atopa e o ano da edición que manexamos (estes campos deberán separarse mediante comas). Cando se desexe facer referencias a páxinas concretas, podemos citar a súa numeración (páxs. ou pp.). Poderá empregarse o sistema de cita bibliografía da *Revista de Filología Española* ou o sistema americano, sempre e cando se sexa coherente. Elixida unha das opcións, deberá manterse.
- Se se trata dunha fonte dixital, deberemos citar o nome da páxina ou blog de que se trate, o do seu autor ou autora e, se procede, tras dous puntos, a súa dirección dixital. Farase constar tamén a data na que se consultou.

Cando se mencionen títulos de obras, estes deberán destacarse, mediante subliñado, se é un texto escrito, ou mediante cursiva, se se trata dun texto dixital. Os títulos de poemas, ou de artigos xornalísticos, deberán entrecomillarse.

De igual modo, cando no comentario dun texto se realicen mencións a termos do mesmo en sentido metalingüístico, deberán entrecomillarse en documentos escritos ou marcarse en cursiva en documentos dixitais.

14.5 Pautas para a análise sintáctica e sobre a elección da terminoloxía ao redor da flexión verbal

- Na práctica da análise sintáctica deberá distinguirse de forma nítida entre unidade (sexa palabra, frase ou sintagma, cláusula ou oración simple, etc.) e función (sexa NÚCLEO, MODIFICADOR, COMPLEMENTO, etc.).
- A tal fin, sería moi útil que, á marxe do método de análise escollida, se resaltase nel a mencionada diferenza entre unidade e función de forma gráfica (ben maiúsculas para a función e minúsculas para a unidade, ben o uso de paréntese para a unidade, etc.): Exemplo: “cerca de la ciudad” frase adverbial > NÚCLEO (adv.) + COMPLEM (F. Prep.)
- Referente á nomenclatura relativa ás funcións sintácticas prevalecerá a terminoloxía empregada pola gramática funcional da universidade de Santiago pero admitiranse as dúas opcións.
- Isto deberase aplicar tamén no relativo á flexión e temporalidade dos verbos.

14.6 Pautas para a elaboración de esquemas

No proceso de elaboración de un esquema, o alumnado deberá asegurar as seguintes fases:

- Lectura comprensiva do texto (aclaración do significado de palabras e expresións).
- Intención do seu autor ou súa autora (en textos expositivos e argumentativos).
- Subliñado das ideas básicas.
- Selección (expresión) das ideas básicas.
- Xerarquización das ideas principais.

O proceso de elaboración desta tarefa debe ir encamiñado á avaliación dos seguintes aspectos básicos:

- Identificación correcta de ideas.
- Xerarquización adecuada de ideas
- Redacción sintética das ideas (esquema nominal).
- Expresión precisa das ideas identificadas.
- Uso de esquemas ou viñetas que reflectan a xerarquía de ideas.
- Corrección expresiva.

As persoas docentes poderán adecuar a esixencia das pautas indicadas segundo o curso e etapa.

14.7 Pautas para a elaboración de resumos

Na elaboración do resumo deberán atenderse tamén ás fases descritas para o esquema.

O proceso de elaboración desta tarefa debe ir encamiñado á avaliación dos seguintes aspectos básicos:

Elaboración dun texto propio, de redacción persoal.

- Nos textos narrativos, preferencia pola terceira persoa (sen estilo directo).
- O novo texto resumido non debe introducir información allea ao orixinal, evitando ademais as opinións persoais.
- No caso dos textos argumentativos e de opinión, o deseño do resumo debe articularse a partir da opinión do autor (a súa intención comunicativa).
- Deberá recoller as principais ideas do texto orixinal.

- O novo texto debe ser sintético, prescindindo do accesorio, o anecdótico, o circunstancial. Neste sentido, a extensión desexable debe ser en xeral a de 1/5 parte do orixinal.
- Deberá seguir as propiedades textuais (adecuación, coherencia e cohesión).

A persoa docente poderá adecuar a esixencia das pautas indicadas segundo o curso e etapa da ESO.

15 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

17.1 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino

Empregaríase a seguinte táboa para analizar a eficacia deste proceso:

	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
3. Conseguiuse motivar todo o alumnado..				
4. Contouse contar co apoio e a implicación das familias no traballo do alumnado.				
5. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
6. Adoptáronse as medidas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
7. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado.				
8. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				

	1	2	3	4
9. Valorouse adecuadamente o traballo do alumnado na aula.				

16 Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

16.1 Periodicidade con que se revisará a programación didáctica

En reunións de carácter mensual realizarase un seguimento da programación didáctica por parte de todos os membros do departamento, ademais da posta en común que se fará entre o profesorado que imparta clase dunha mesma materia e curso.

A fin de curso, nunha reunión do departamento, farase unha análise dos resultados e discutiránse os posibles cambios na programación para o curso seguinte despois dunha posta en común das reflexións de cada membro segundo os indicadores da táboa seguinte:

16.2 Indicadores de avaliación da programación didáctica

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación y da temporalización das unidades didácticas.				
3. Adecuación dos mínimos esixibles para superar a materia.				
4. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
5. Adecuación da metodoloxía utilizada.				
6. Adecuación dos materiais e recursos didácticos utilizados.				

	Escala			
	1	2	3	4
7. Adecuación das medidas de atención á diversidade.				
8. Asociación dos estándares cos elementos transversais.				
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación.				
10. Adecuación dos criterios establecidos para a cualificación.				
11. Adecuación dos criterios establecidos para a promoción.				
12. Adecuación do deseño da avaliación inicial.				
13. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento e avaliación de materias pendentes.				
14. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc.				
15. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
16. Contribución desde a materia ao plan de convivencia do centro.				
17. Grado de integración das TIC no proceso de ensino da materia.				
18. Grado de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
19. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				

17 Medidas para informar a familias e ao alumnado

O profesorado da materia informará ao alumnado desde comezo de curso sobre os aspectos fundamentais desta programación, pondo de relevo apartados como os instrumentos de avaliación, os criterios de cualificación, a secuenciación do currículo e os materiais e recursos utilizados.

O departamento de Lingua castelá e literatura colaborará así mesmo no protocolo de difusión das programacións establecido pola dirección do centro para o curso 2022-23.

Tamén, a disposición da comunidade educativa, archivarase unha copia impresa na secretaría do Instituto para a súa consulta nas condicións que determine a dirección do centro.

18 Aprobación da presente programación didáctica para o curso 2022-23

Reunido o Departamento de Lingua castelá e literatura no IES Urbano LUGRÍS en Malpica de Bergantiños o venres, 16 de setembro de 2022, ás 12:30 h., acorda aprobar a presente Programación didáctica do curso 2022-23.

Revisión no Departamento de Lingua castelá e literatura no IES Urbano LUGRÍS en Malpica de Bergantiños o luns, 27 de febreiro de 2023, ás 14:30 h, trala modificación proposta pola Xunta, acorda aprobar a presente Programación didáctica do curso 2022-23.